


CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria do 10 de marzo de 2016, aprobou con 34 votos a favor e 7 abstencións o calendario académico da Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2016-2017.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2016, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor



Juan M. Viaño Rey



CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2016-2017
Aprobado polo Consello de Goberno o 10
de marzo de 2016

1. DISPOSICIÓNS XERAIS

O curso académico 2016-2017 organizarase en dous períodos académicos, e abarcará dende o día 1 de setembro de 2016 ao 31 de agosto de 2017, agás os días marcados como festivos ou non lectivos neste calendario.

O calendario será único para os estudos adaptados ao EEES e para os que se atopen en proceso de extinción. Sen embargo, previa petición dos centros, poderá autorizarse excepcionalmente para as titulacións en proceso de extinción, a realización de exames da segunda convocatoria no mes de setembro.

Os centros, en casos excepcionais, poderán solicitar á Secretaría Xeral a realización de exames anticipados.

O primeiro período para impartición de docencia iniciárase o día 12 de setembro de 2016 e rematará o 22 de decembro de 2016. Os máster oficiais poderán retrasar o comezo do curso ata o 26 de setembro.

O segundo período para impartición de docencia iniciárase o día 30 de xaneiro de 2017 e rematará o día 19 de maio de 2017.

Con independencia da data de defensa, a entrega dos TFG/TFM para defender no mes de setembro farase tendo como data límite o 31 de xullo de 2017.

En consecuencia, o calendario de docencia, período de cualificacións e entrega de actas será o seguinte:

PRIMEIRO PERÍODO

	INICIO	FIN
PERIODO LECTIVO	12/09/2016	22/12/2016
PERIODO DE EXAMES	12/01/2017	26/01/2017
ENTREGA ACTAS	13/01/2017	15/02/2017

DEFENSA TFM/TFG	30/01/2017	23/02/2017
ENTREGA ACTAS TFM/TFG	31/01/2017	10/03/2017

SEGUNDO PERÍODO

	INICIO	FIN
PERIODO LECTIVO	30/01/2017	19/05/2017
PERIODO DE EXAMES	23/05/2017	09/06/2017
ENTREGA ACTAS	13/06/2017	28/06/2017

DEFENSA TFM/TFG	29/06/2017	21/07/2017
ENTREGA ACTAS TFM/TFG	04/07/2017	28/07/2017

EXAMES SEGUNDA OPORTUNIDADE DO PRIMEIRO SEMESTRE	14/06/2017	28/06/2017
SEGUNDA OPORTUNIDADE DO SEGUNDO SEMESTRE	29/06/2017	13/07/2017
ENTREGA ACTAS SEGUNDA OPORTUNIDADE DO PRIMEIRO SEMESTRE	15/06/2017	17/07/2017
ENTREGA ACTAS SEGUNDA OPORTUNIDADE DO SEGUNDO SEMESTRE	30/06/2017	28/07/2017

DEFENSA TFM/TFG (SETEMBRO)	04/09/2017	18/09/2017
ACTAS	05/09/2017	30/09/2017

2. CUALIFICACIÓNS

As cualificacións deberán publicarse no prazo máximo de 15 días naturais dende a realización do exame

3. RECUPERACIÓN DE MATERIAS EXTINTAS

A recuperación de materias extintas en titulacións non adaptadas ao EEES poderá fixarse nos meses de setembro, outubro ou novembro nas datas concretas determinadas polos centros, tendo en conta que deberán transcorrer 15 días entre o último exame e a data de sinatura de actas. Cada centro concretará as devanditas datas, dándolle a mesma publicidade que as outras datas de cualificacións. O **período de entrega de actas** comprenderá dende o 1 de setembro de 2016 ata o **30 de novembro de 2016, data límite de sinatura de actas.**

4.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA PARA TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES

As datas de realización dos exames da convocatoria de “fin de carreira” para titulacións non adaptadas ao EEES serán no mes de decembro (do 1 ao 16 decembro) segundo o que determine cada centro, que lle dará a mesma publicidade como ás outras datas de cualificacións. A data límite de sinatura de actas será o día 9 de xaneiro de 2017, e non poderá transcorrer máis de quince días entre a data de celebración do exame e a de sinatura da acta. Por conseguinte, o **período de sinatura de actas** decorrerá dende o 1 de decembro de 2016 ata o 9 de xaneiro de 2017.

5.- SEGUNDA CONVOCATORIA PARA TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES

A segunda convocatoria para titulacións non adaptadas ao EEES terá lugar no período e coas condicións de realización e entrega de actas prevista para a segunda oportunidade nos graos e máster vixentes.

6.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA PARA GRAOS E MÁSTERES

As datas de realización dos exames da convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as titulacións de Grao e Máster, así como a data límite de sinatura das actas, coincidirán coas previstas para a realización de exames e para a sinatura das actas do primeiro semestre.

7.- PERÍODOS NON LECTIVOS

Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin outros períodos de interrupción da actividade académica.

Os períodos de interrupción da actividade académica serán: a) dende o venres 23 de decembro de 2016 ata o 8 de xaneiro de 2017 (ambos os dous incluídos); b) o luns e martes de Carnaval (27 e 28 de febreiro de 2017); e c) a Semana Santa, dende o 10 de abril ao 16 de abril de 2017 (ambos os dous incluídos).

Terá carácter festivo e, polo tanto, non lectivo, o venres 27 de xaneiro de 2017, día ao que se traslada a festividade de Santo Tomé de Aquino.

Así mesmo serán non lectivos os días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das correspondentes festas locais.

Finalmente, en cada centro, terá carácter non lectivo o día de celebración da súa festividade. A estes efectos, son festividade dos centros as seguintes:

- 4 de outubro (S. Francisco de Asís). Facultade de Veterinaria
- 18 de outubro (S. Lucas). Facultade de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina)
- 15 de novembro (S. Alberte Magno). Facultade de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias
- 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz). Facultade de Formación do Profesorado
- 8 de decembro (Inmaculada). Facultade de Farmacia
- 13 de decembro (Sta. Otilia). Facultade de Óptica e Optometría
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort). Facultade de Dereito
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia). Facultade de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía)
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán). Facultade de Psicoloxía
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus). Facultade de Enfermería
- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento). Facultade de CC. da Educación
- 19 de marzo (San José). Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer). Facultade de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas
- 15 de abril (natalicio de Leonardo da Vinci). Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 22 de abril (Día da Terra). Escola Politécnica Superior
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla). Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- 1 de maio (Día do Traballo). Facultade de Relacións Laborais
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión). Facultade de Ciencias da Comunicación

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, se ditas festividade coinciden en martes ou xoves, celebraranse o luns ou venres máis próximos, e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

8.- ADAPTACIÓN DO CALENDARIO

Cada centro ou Comisión Académica de Máster, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso, terá que ser previamente autorizada pola Secretaría Xeral da Universidade e deberá facerse pública.